


TAREFAS DO 20 AO 24 DE ABRIL

> ACTIVIDADES DE LECTOESCRITURA

. EXERCICIO 1

- Visualizar o vídeo: "Aprende la letra "O" con la Ostra Oli - El abecedario" (<https://youtu.be/facbeGVEZqc>)
- Repasar a letra "O" co dedo.



- Realizar a letra "O" dalgún destes xeitos: con gomets, con pegadas co dedo índice mollado en pintura de dedo ou pegando nela boliñas pequenas feitas con anacos de papel pequenos.



- Realizar a letra "O" en area, se é posible, ou nun prato cheo de grans de arroz ou de lentellas.

EXERCICIO 2:

- Visualizar o vídeo: "[Aprende la letra "O" con la Ostra Oli - El abecedario](https://youtu.be/facbeGVEZqc)" (<https://youtu.be/facbeGVEZqc>)
- Localizar e rodear a letra "O" entre outras letras (ficha da páxina 5, no caso de non poder imprimir, facer unha copia da ficha, de forma manual, nun folio).
- Realizar a ficha da páxina 6 (no caso de non poder imprimir, facer unha copia da ficha de forma manual nun folio): repasar a letra "O" co dedo, repasar as letras "O" con lápis, e posteriormente con rotuladores de cores.
- Escribir o nome por detrás, senon sabe facelo, escribirllo para que copie cada letra debaixo.

> ACTIVIDADES PLÁSTICAS

. **EXERCICIO 1:** Tendo en conta que nos atopamos na primavera, época na que se enche todo de flores, propóñovos facer unha flor: debuxa unha flor de tamaño grande, rasga varios anacos de papeis pequenos de revistas, periódicos... fai boliñas cos mesmos e pégaos no centro da flor (botar previamente pegamento no centro da flor), fai unha colaxe nos pétalos e nas follas da flor pegando os anacos de papel estirados. Na imaxe pode verse unha flor toda cuberta de boliñas.



> ACTIVIDADE DE EDUCACIÓN EMOCIONAL (SÓ O GRUPO A).



Facer un retrato: buscar e recortar de revistas, periódicos... dous ollos, unha nariz, unha boca, dúas orellas. Debuxar un círculo e completar o rostro coas partes recollidas. Unha vez feito, explicar cómo está o neno/a que fixemos: ledo, triste, asombrado, asustado...

SESIÓNS DA TARDE (só o grupo A)

. Visualizar aqueles contos que queirades en: Contos contadosKalandraka TV (<http://www.kalandraka.tv/gl/seccion2.php?id=33>). Realizar preguntas de comprensión dos contos que vexades.


. escoita de cancións infantís en you tube para entreterse, bailar... tales como, por exemplo:

- El libro de la selva - Lo más vital (https://youtu.be/ttlecah_IFs)

- El Rey León - Hakuna Matata (<https://youtu.be/LYdG2w8jbws>)

- BULEBULE (<https://youtu.be/GrediASDgXM>)

. Botarlle un ollo ao último número do xornal O Papagaio, o cal se atopa na páxina do colexio e na da Biblioteca.



O

O A E

I U O A

E I O U

A E O

